

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

DO

CEIP DE AGOLADA

INDICE	página
Plan de Autoprotección	3
Organización	
1.-Comisión de Autoprotección	3
2.-Equipo de Alarma e información	4
3.-Equipo de orde e evacuación	4
4.-Equipo de intervención	4
5.-Equipo de primeiros auxilios	5
Desenvolvemento da actuación nas distintas fases	
1.- Simulacro	6
2.- Riscos posibles no centro	7
3.-Medios dos que dispoñemos	7
4.- Instrucións en emerxencias	7
5.- organización	8

1. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Referencias legislativas: Neste plan deseñado polo centro detállanse os mecanismos e medios dispoñibles para facer fronte ante calquera incidencia que afecte a seguridade dos alumnos-as, profesorado e demais persoas, así como das instalacións escolares.

Este plan debe incluír segundo o establecido no Regulamento Orgánico das escolas de Ed. Infantil e Primaria (R.Decreto 374/1996) e na Orde que o desenvolve (Orde 22 de xullo de 1997) máis concretamente no Capítulo III punto 8 , os seguintes aspectos:

- Localización e equipamento das Caixas de urxencias.
- Plan de evacuación.
- Control das persoas que acceden ó centro.
- Protección do alumnado.
- Localización saídas de emerxencia
- Sistemas de seguridade de que dispón o centro

Funcións:

- ✓ Prevención e mantemento (impedir a aparición do sinistro).
- ✓ Combater o sinistro, limitando o seu alcance e volume.
- ✓ Evacuar ó persoal.
 - Prestar a axuda sanitaria e moral ó mesmo.
 - Chamar aos servizos de urxencia e cooperar con eles.
 - Proceder á rehabilitación dos servizos.

ORGANIZACIÓN

1. Comisión de autoprotección:

1.1 Constitución:

Directora LUÍS VÁZQUEZ ROJO

Secretario MARÍA CRUZ LÓPEZ GARCÍA

Xefa Estudos ANA ISABEL LÓPEZ RODRÍGUEZ

1.2 Tarefas:

- Realizar un estudio detallado do Centro Escolar (distribución de aulas, escaleiras, portas de saída, zonas de perigo, alumnado, ubicación de extintores) e sinalalo nun plano no centro.
- Relacionar ó persoal docente e auxiliar.
- Coñecer os medios cos que conta e o estado de conservación do material existente: extintores, mangueras, etc.
- Fixar o sinal de alarma para caso de perigo e establecer como se produce a situación de alerta.
- Crealos diferentes equipos, asignándolles misións concretas. Preve-las sucesións de mando.

- Vixiar o cumprimento das misións encomendadas.
- Resolver acerca das propostas que someta a súa consideración ó Coordinador de Autoprotección.
- Redactar o Plan de Autoprotección.
- Coidar o mantemento do Centro e impedir a aparición do sinistro
- Realizar campañas de prevención e organizar simulacros.

2. Equipo de alarma e información :

2.1. Constitución:

Coordinador: C Rosa Gutiérrez Lamas

Membros do equipo: Verónica Gómez Conde
María Paz Pazos Iglesias

2.2. Tarefas:

Difundir alarma de forma axeitada e oportuna.

Chamar aos Servizos de Urgencia. Recibilos e orientalos.

Atender a cantos se interesen polas persoas acollidas no Centro.

Coordinar a información interior e os datos que poden ser facilitados en relación co sinistro e os seus efectos.

2.3. Material:

Medios acústicos.

Teléfono

Megafonía, etc.

3. Equipo de orden e evacuación :

3.1. Constitución:

Coordinador-a: Isabel Fernández Meilán

Adxunto-a: Montserrat Senra García

Membros: María Teresa Sánchez López

3.2. Tarefas:

Illar a zona do sinistro.

Impedir os movementos de pánico.

Dirixi-la evacuación, para que se realice con orden.

Ter perfectamente previstos os lugares e quendas de saída dos grupos e as zonas exteriores de reunión. Comprobar que non quede ningunha persoa no Centro.

3.2. Material:

Medios de megafonía para transmitir ordes.

Sinais claros nas vías de comunicación.

Iluminación aceptable e permanente.

4. Equipo de intervención:

4.1. Constitución:

Coordinador/a: Jesús Carballo Sánchez

Membros do equipo: María Carmen Varela González

María Luisa Méndez García

4.2. *Tarefas*

- Combater o sinistro da forma prevista.
- En caso de incendio, tratar de extinguilo ou controlalo ata a chegada dos bombeiros
- Axudar a rescatar posibles vítimas que se atopen na zona do sinistro.
- Cooperar cos Servizos de Extinción e Salvamento e facilitarlles tanta información soliciten en relación ó sinistro e a súa evolución.

4.3. *Material*

- Extintores manuais.
- Mangueiras adaptables ás billas, caldeiros, etc.
- Ferramentas para mover escombros.

5. Equipo de primeiros auxilios

5.1. *Constitución:*

Coordinador: Ana Fernández Díaz

Adxunto: Rebeca García García

Membros: Fe Purificación Yebra Fernández

5.2. *Tarefas:*

- Rescatar las posibles vítimas e prestarlles unha primeira axuda, ata a chegada dos medios de socorro.
- Dispoñer dun lugar fixo e seguro que serva de albergue ós evacuados ata a chegada dos servizos de socorro.

5.3. *Material:*

- Caixa de primeiros auxilios.
- Medio de transporte para os feridos.
- Calquera medio que poida resultar útil.

DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN NAS DISTINTAS FASES:

Coñecida a existencia do sinistro, procédese coa maior urxencia á posta en marcha do Plano de Autoprotección, que se desenvolverá do seguinte xeito:

Primeiramente notificaráselle ao Coordinador da Autoprotección, quen valorará a situación. Se esta non reviste gravidade, tratarase de controlar cos medios previstos e de forma discreta. No caso de que, pola gravidade da situación, sexa preciso desaloxar o Centro, e estando en boas condicións as saídas de emerxencia previstas no plano, o desaloxo efectuarase segundo se indica a continuación: Ver plano adxunto..

a) Planta Baixa: O persoal que se atopa nesta planta sairá directamente polas portas de saída do porche en dirección ás pistas de deporte, que será a zona de concentración. Ao mesmo tempo, polas mesmas portas principais sairá o alumnado.

b) Plantas altas: O alumnado de Primaria sairá polas portas correspondentes de saída ó patio..

No caso de estar inutilizada algunha destas dúas saídas, utilizarase para o total do alumnado a que quede libre, pasando dunha ala á outra polo corredor de dirección na primeira planta e polas clases comunicadas na segunda.

SIMULACRO

- O director dará o sinal, collerá o maletín de emerxencias e avisará á Policía Local de que se vai realizar un simulacro de evacuación. Seguidamente situarase no patio controlando o tempo que se tarda na evacuación.
- Cada grupo de alumnos/as seguirá as instrucións do seu profesor/a e non actuará por iniciativa propia.
- Os alumnos/as non se deterán xunto as portas de saída. Estas quedarán libres.
- Os profesores que non sendo titores se atopen impartindo clase nese momento dirixirán a evacuación da mesma.
- O conserxe do centro encargarse de cortar a electricidade de todo o centro.
- No caso de atoparse escolarizados no centro nenos/as con problemas motóricos nomearanse encargados de axudalos na evacuación. Na actualidade asisten ao Centro tres alumnos nestas circunstancias polo que serán encargados de atendelos o/a Coidador/a e o profesor/a de PT e AL.
- Os alumnos/as que no momento de soar a serea se atopen nos aseos ou fóra da aula deberán incorporarse axiña ao seu grupo .Se non atopan o seu grupo uníranse ó que estea saíndo nese momento.
- Cada titor/a encargarse de que o seu grupo forme fila para que a saída se faga do xeito máis ordenado posible. Antes de saír contará ós seus alumnos.
- Os alumnos non sairán con carteiras, libros.. que poden dificultar a saída.
- Todos os movementos serán rápidos pero ordenados, sen carreiras e empuxóns que só orixinan caídas. Evitaranse tamén os berros que poden asustar ós máis pequenos.
- En ningún caso os alumnos volverán atrás.
- Unha vez fóra os alumnos dirixiranse ao patio escolar.
- Cando estean todos farase un último reconto.
- O persoal de cociña nomeará un responsable de apagar a cociña.

2.-RISCOS POSIBLES NO CENTRO

- Lume motivado por cortocircuíto, caída de raios, accidente na cociña
- Explosión caldeira de calefacción.
- Movementsos sísmicos.
- Atentado.

Polo baixo número de alumnos e ó ser un edificio de pouca altura os riscos son baixos. Por outra banda o colexio atópase nunha zona con nivel sísmico baixo.

3.-MEDIOS DOS QUE DISPOÑEMOS:

❖ Dende a reforma do colexio realizada no curso 1999-2000 dispoñemos de alarmas, extintores de CO₂ , extintores po e mangueriras. Están distribuídos polo centro en tódalas plantas, tanto na parte dereita coma na esquerda do edificio. Nas dependencias de cociña e caldeira de calefacción dispoñemos de portas anti-incendio.

1.-Pararraios. Retiraron o pararraios antigo e cambiárono por outro con menor risco de contaminación.

2.-Alarmas. Dispoñemos de alarma automática que se activa ó detectar fume. Os sensores da mesma atópanse por tódalas plantas do colexio. Tamén contamos con timbre manual que avisa das entradas e saídas.

3.-Alumeado: Hai alumeado de emerxencia nas aulas e corredor.

4.-Material de emerxencias: Existirá un maletín coas chaves máis importantes, lista de alumnos, caixa de primeiros auxilios, axenda de teléfonos máis importantes.

5.-Detección de fume: Existen detectores de fume situados polo centro.

CARENCIAS

- ✓ Débense coñecer as tomas de auga.
- ✓ Estamos considerando pintar no chan as vías de evacuación.
- ✓ Non dispoñemos de máscaras.
- ✓ Debería dotarse ao centro dun sinal acústico específico para emerxencias.

4.-INSTRUCCIÓNS EN EMERXENCIAS

En calquera caso de emerxencia descrito, agás no caso de movemento de terra, evacuarase todo o edificio.

En caso de movemento sísmico:

-Se estamos dentro do edificio permanecer dentro ata que finalice o movemento, e se estamos fóra continuar alí.

-Os alumnos/as refuxiaranse baixo a mesa, lonxe dos cristais.

-Despois do movemento sísmico gardar a calma.

- Comprobar se hai feridos e prestarlles axuda na súa evacuación.
- Os feridos graves non se deben mover, agás inminente perigo de derrubamento, lume etc..
- Desaloxar o edificio con orde na maneira establecida.
- Manterse afastado do edificio.

5.-ORGANIZACIÓN

O director designará un coordinador xeral que asumirá a ordenación do simulacro e coordinará tódalas accións do mesmo. Nomearase tamén un coordinador suplente.

Comisión de autoprotección:

Estará formada por.

Coordinador Xeral

- O director do centro. LUIS VÁZQUEZ ROJO
- A xefa de estudos. ANA ISABEL LÓPEZ RODRÍGUEZ
- Secretaria MARÍA CRUZ LÓPEZ GARCÍA

Terá as seguintes funcións.

- Propoñer rectificacións ao P.A.E.
- Programa de implantación.(modificacións e datas de simulacros)
- Elaboración dos informes do P.A.E.
- Programa de mellora e mantemento (Verificar as revisións de extintores, pararraios e outros elementos de seguridade).
- Programa de formación para que os alumnos se familiaricen coa autoprotección. Pódese buscar a colaboración dos bombeiros, Protección Civil etc,.

No programa participará alumnado e profesorado e incluírse entre outras cousas o funcionamento dos extintores e nocións básicas de socorrismo.